

---

# **Programación do área de Historia da Música e a Danza**

**Para 2º de Bacharelato**

**Curso 22-23**

## Índice:

-Introdución e contextualización.....	3
-Lexislación.....	3
-Recursos persoais.....	4
-Recursos materiais.....	4
-Análise e valoración da consecución dos aprendizaxes imprescindibles no curso 2021-22.....	5
-Adaptacións da presente programación ás posibles situacións de docencia non presencial.....	5
-Contribución da materia de Historia da música e danza ao logro das competencias clave.....	6
-Obxectivos Xerais.....	7
-Obxectivos do curso.....	8
-Contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	9
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave.....	15
-Concrecións metodolóxicas.....	39
-Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	41
-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	42
-Atención á diversidade.....	46
-Plan lector.....	49
-Plan de integración das TICs.....	50
-Tratamento dos temas transversais .....	51
-Actividades complementarias e extraescolares.....	52
-Avaliación e revisión da programación.....	52

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Afonso X “O Sabio” é un centro situado na área metropolitana de A Coruña. Conta cuns 820 estudantes, a maioría da ESO, tradicionalmente cun alto grao de abandono escolar. Dende hai anos desenvólvense no centro diversas liñas formativas para intentar dar ao alumnado a maior cantidade de oportunidades posible e reverter esa situación na medida do posible.

No IES Afonso X “O Sabio”, de A Barcala (Cambre), impártense ensinanzas da ESO, bacharelato, ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas e Formación Profesional Básica.

O IES Afonso X “O Sabio” ten tres centros de primaria adscritos: o CEIP “Wenceslao Fernández Flórez”, o CEIP O Graxal e o CEIP Portofaro. Ademais destes alumnos, contamos cunha porcentaxe de inmigrantes de diversos lugares que completan o amplo espectro do noso alumnado.

O alumnado en xeral procede de familias de clase media-baixa, e o seu nivel académico está dentro da media dos centros das súas características. O desenvolvemento psicomotriz, musical e artístico do noso alumnado é bastante dispar e ten moito que ver a orixe do alumnado (centro do que procede), ou o seu nivel de participación en actividades extraescolares. No concello de Cambre existen poucas posibilidades de desenvolver actividades musicais, destacando a Escola e banda municipal A Sementeira. Ademais, tamén temos alumnado que estuda nos conservatorios de música profesionais de Culleredo e da Coruña, que acoden a algún grupo de teatro local e, ocasionalmente, temos algún estudante do Conservatorio de danza da Coruña. Porén, estas actividades dependen sempre da dispoñibilidade das familias (tanto económica como de tempo dispoñible) para poder sufragar e acompañar ao alumnado a estas actividades, que implican sempre moitas horas de dedicación á semana e, dada a situación do noso alumnado, xa temos casos de estudantes que teñen que aparcas estes estudos por situacións familiares complicadas. Desde o departamento buscamos favorecer a práctica musical e escénica para que o alumnado desenvolva a súa personalidade a través da práctica artística pero tamén para que o alumnado se identifique cos seus intereses externos co que se fai no propio centro educativo.

## LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

Ley Orgánica 8/2013 del 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE).

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español, e que viu completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas.

A Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015), pola que se ditan instrucións para a implantación do citado currículo. O capítulo V (artigo 13) fai referencia as programacións didácticas.

## RECURSOS PERSOAIS:

Constitúen o departamento de música do IES Afonso X “O Sabio”, para o presente curso os profesores: Beatriz Alonso Pérez – Ávila, María Antonia Montes Fernández, e María Jesús Domínguez Daponte. Imparten as seguintes materias nos grupos que se describen a continuación:

-Beatriz Alonso Pérez - Ávila, profesora numeraria, vicedirectora. Imparte un total de 11 horas

lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2º ESO E (sección bilingüe),  
Canto coral e técnica vocal 2º ESO (A,B,C,D,E)  
Proxecto competencial: 3º ESO (E,D)  
Linguaxe e práctica musical: 1º de Bacharelato  
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (A,B)

-María Jesús Domínguez Daponte, profesora numeraria. Imparte un total de 20 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2ºA, B, C, D da ESO, 3º D e un grupo de 4º ESO (A-E),  
Proxecto competencial: 1º ESO (3 grupos), 3º(1 grupo)  
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,D,E)

- María Antonia Montes Fernández, profesora numeraria e xefa de departamento. Imparte un total de 17 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 3º ESO (A, B, C, E (bilingüe) e un grupo de 4º ESO (A,B,C)  
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,E)  
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (C,D)

## RECURSOS MATERIAIS:

O IES conta con dúas aulas de Música.

Temos xuntado practicamente todo o instrumental nunha das aulas -a máis grande e a que non molesta a ningún grupo ordinario- na que se pode ofrecer a todo o alumnado de calquera grupo, por moi numeroso que sexa, a posibilidade de facer música con distintos instrumentos. Conta con percusión Orff, tubos sonoros, canon proxector, equipo de son, de gravación, mesa de mesturas, lousa pautada de rotulador, piano eléctrico, guitarra eléctrica, baixo eléctrico, batería eléctrica, amplificador multicanle para os mesmos, guitarra española, tres ukeleles, catro teclados (un deles sen capacidade dinámica) e equipo de voces.

A segunda aula, máis pequena, conta con canón proxector, equipo de son, un ordenador con materiais multimedia axustados aos contidos, equipación de pequena percusión, lousa pautada e de xiz, guitarra española e piano eléctrico, ademáis de esterillas para realizar expresión corporal, movemento e danza.

## ANÁLISE E VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2021-22

Tras o curso pasado e tendo en conta a situación sanitaria excepcional, analizamos a consecución dos aprendizaxes imprescindibles no pasado curso e os aspectos que teremos que ter en conta para a programación do 2022-2023:

- Os resultados acadados polo alumnado o curso pasado foron bastante aceptables.
- A boa disposición do alumnado fixo que as medidas dítadas pola consellería de Sanidade e supervisadas escrupulosamente polo profesorado, non supuxeran un dano importante na actividade nin nos resultados da práctica instrumental e vocal.
- Seguimos a fomentar, en todos os niveis, a capacidade de traballo autónomo e individual de actividade musical, para conseguir que no caso de actividade presencial ou semipresencial o alumnado poida realizar as tarefas encomendadas.
- A gran aceptación que tivo a introdución, o pasado curso, do ukelele no grupo bilingüe de 2º da ESO, traducirase este curso na ampliación do uso deste instrumento para todos os grupos de 2º da ESO. Destacamos, entre outras vantaxes, a posibilidade de que o alumnado practique nas súas casas cun instrumento propio.
- Fomentaremos na programación os contidos relacionados cos de interpretación na aula, mentres que os apartados de creación e contextos artísticos e musicais desenvolveranse tanto na aula como desde casa, en caso de ensino a distancia ou semipresencial.
- Utilizaremos as ferramentas de Aula virtual en 1º e 2º de bacharelato e Edixgal en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. Durante as primeiras semanas de setembro todo o alumnado será dado de alta e se poderán engadir os recursos necesarios para asegurar a ensinanza en liña en todo momento.
- En cada unha das materias sinalaranse cales serán as alternativas para o seguimento do ensino a distancia, indicando posibles actividades, feedback e avaliación.

## ADAPTACIÓNS DA PRESENTE PROGRAMACIÓN ÁS POSIBLES SITUACIÓNS DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Debido ás circunstancias sanitarias desenvolveremos unha serie de estratexias na presente programación para garantir o dereito á educación a aqueles alumnos e alumnas no caso de ter que continuar o ensino de forma non presencial.

Debido as características da nosa materia que é eminentemente práctica e a dificultade que temos de poder avaliar as aprendizaxes sen utilizar medios audiovisuais por garantir a protección dos menores na rede, a materia impartida de forma telemática quedará exclusivamente referida a aspectos teóricos ou teórico-prácticos que serán avaliados mediante traballos e/ou probas online, aínda que fomentando o traballo da creación e interpretación musical e artística nos domicilios.

Dentro do departamento distinguiremos ao alumnado que contará con Edixgal (ESO), polo que esa será a ferramenta dixital utilizada para transmitir as tarefas e contidos, e a o alumnado de 1º e 2º Bacharelato para os que utilizaremos a Aula virtual do IES co fin desenvolver os contidos e as tarefas necesarias para continuar coa docencia en liña.

O departamento garante que todo o alumnado que tivese que seguir as clases de forma telemática poderá acadar os estándares imprescindibles para superar a materia e poder alcanzar cualificacións similares a unha situación normal, ponderando a cualificación segundo o tempo de cada unha das docencias, presencial e no presencial.

Para garantir que todo o alumnado ten a capacidade de seguimento de este tipo de docencia estableceremos contacto coa persoa titora do grupo para coñecer as dificultades técnicas que poidan presentar e durante os primeiros días de clase utilizaremos todos os recursos dixitais nas plataformas indicadas e nos aseguraremos que todos os estudantes son quen de utilizalos de forma correcta. No caso de que algún alumno o alumna non conte con medios técnicos na súa casa para poder seguir a docencia el liña utilizaremos os mecanismos que se establezan dende a dirección do centro para poder enviar o material necesario e establecer os feedbacks para garantir o ensino.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 1. Comunicación lingüística (CCL)

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, fomentando o desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas orais e escritas, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico.

### 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A linguaxe musical fundaméntase na linguaxe matemática; a representación gráfica da duración do son e do ritmo (figuras, silencios, compases, etc.) exprésase en forma de proporcións matemáticas e fraccións). Igualmente ocorre con outros conceptos musicais como o intervalo, a distribución en tons e semitóns da escala, o acorde ou as indicacións metronómicas, por enumerar algúns. Por medio desta materia, os procedementos compositivos, a evolución da harmonía e o estudo das diferentes texturas, baseados todos eles na linguaxe matemática, serán parte do traballo cotiá dos estudantes.

### 3. Competencia dixital (CD).

A ensinanza de a Música contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia dixital, promovendo o dominio básico de recursos tecnolóxicos no campo da música (hardware e software musical, técnicas de tratamento e gravación do son, produción de mensaxes audiovisuais, utilización de Internet como fonte de información, etc.). O uso da aula virtual da materia estará totalmente integrado nas actividades diarias e, ademais, utilizaranse outras redes sociais.

### 4. Aprender a aprender (CAA).

O estudo da Música fomenta o desenvolvemento de capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe do estudante, tales como a atención, a concentración, a escoita reflexiva, a memoria, o esforzo e a constancia.

### 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As actividades de interpretación e práctica musical, así como a interpretación de danzas históricas requiren por parte dos e das estudantes dun traballo cooperativo baseado na tolerancia, o respecto e a solidariedade. Desenvolvemento de habilidades sociais con base no autocontrol, a autoestima e a empatía, entre outras; ademais, traballando distintos contextos musicais, o alumnado debe achegarse con respecto ás distintas prácticas musicais coas cales pode non estar tan acostumado.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Coa interpretación musical poténciase a habilidade para planificar e xestionar proxectos e se desenrolan a perseveranza, a responsabilidade, a autonomía e a autoestima, fomentando deste modo a confianza dos alumnos en si mesmos e seu espírito emprendedor.

### 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A Música e a danza están relacionadas de forma directa con dita competencia en todos os aspectos que as configuran, e a capacidade de comprender e valorar criticamente manifestacións musicais e coreográficas de

diferentes culturas, épocas e estilos. A partires da audición e a análise musical adquirense habilidades para expresar ideas, experiencias e sentimentos de forma creativa.

## OBXECTIVOS XERAIS.

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



## OBXECTIVOS DO CURSO

O ensino da historia da música e da danza no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as principais características formais, estéticas e estilísticas da obra a estudar, co fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.

2. Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, mediante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.

3. Coñecer e valorar a importancia da música e a danza como manifestacións artísticas dunha sociedade, así como as súas relacións coa literatura e as demais artes, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.

4. Desenvolver e ampliar a formación estética e o espírito crítico, adquirindo o hábito de escoitar ou presenciar espectáculos de música e de danza, en gravacións ou ben en directo, procedentes tanto da tradición clásica como doutras culturas ou detendencias populares urbanas actuais, con vistas a construír un pensamento estético autónomo, aberto e flexible.

5. Empregar un léxico e terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.

6. Utilizar con autonomía as fontes bibliográficas, incluíndo as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.

7. Valorar e coñecer as achegas realizadas polo Estado Español, e en particular por Galicia, á música e á danza, con vistas a apreciar a súa relación co patrimonio artístico e cultural e apreciar a riqueza dos seus propios sinais de identidade.

8. Comprender e respectar as diversas manifestacións artísticas contemporáneas, impulsando a curiosidade e o interese cara a elas, con vistas a fomentar a ampliación, de xeito autónomo, das súas preferencias e gustos persoais.

9. Comprender o proceso de creación musical e coreográfico distinguindo os axentes que inflúen directamente na súa difusión: intérpretes, instrumentos, gravacións, partituras, medios de comunicación, etc.

## CONTIDOS DO CURSO 2º DE BACHARELATO RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

### Bloque 1. Percepción, análise e documentación

B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.

HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.

HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.

HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.

B1.2. A obra artística no seu contexto histórico.

B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.

HDMB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.

HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.

HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.

B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.

HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.

HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.

HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.

B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.

HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.

HMDB1.4.2. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.

B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.

HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.

HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.

HMDB1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.

B1.7. A documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.

B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.

HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.

HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.

HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.

HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.

HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.

HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.

## Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade a Idade Media

### B2.1. A música sacra:

O Canto Gregoriano.

Características, orixe e evolución.

Nacemento e evolución da polifonía:

Ars Antiqua e Ars Nova. O código Calixtino.

### B2.2. A música profana: xogares e goliardos.

### B2.3. Os instrumentos medievais.

B2.4. A danza na Antigüidade. Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.

B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. A traxedia grega.

B2.6. A danza na Idade Media. A danza e a Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.

HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétreo en Galicia e códices afonsinos.

B2.8. A lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.

B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.

HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

## Bloque 3. O Renacemento

B3.1. A polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.

B3.2. A música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: o madrigal e o estilo madrigalesco. Principais polifonistas.

B3.3. O Renacemento en España:

Música vocal profana: vilancico e romance.

Polifonistas do século de ouro. Tomás Luis de Victoria.

B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.

B3.5. Danzas de corte. Tipos e características.

B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.

HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

## Bloque 4. O Barroco

B4.1 A música no Barroco: características, periodización e escolas.

B4.2. O nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.

B4.3. A música e a relixión: cantata, oratorio e paixón.

B4.4. As formas instrumentais: orixe, características e evolución.

B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.

B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xeneros no Barroco.

B4.7. Real Academia de danza en París. A chegada do profesionalismo na danza.

HMDB4.1.1. . Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

B4.8. A música barroca en España. Música vocal sacra e profana. O teatro musical: a ópera e a zarzuela. A música instrumental. A música nas catedrais galegas.

B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.

B4.10. Danzas cortesás do Barroco. O balé de Luís XIV. Música escénica.

HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

## Bloque 5. O Clasicismo

B5.1. O estilo galante e a Escola de Mannheim.

B5.2. As formas instrumentais: orixe, características e evolución.

B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: a reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.

B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.

B5.5. Organoloxía: o piano, o cuarteto de corda; a evolución da orquestra.

B5.6. O Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.

HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

B5.7. O Clasicismo en España.

HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

## Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Post-Romanticismo

### B6.1. O Romanticismo

A orquestra romántica. As formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.

O piano romántico. A música de cámara.

A ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. O verismo.

O lied. A composición no romanticismo e Posromanticismo.

### B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais:

Escolas e estilos.

Figuras representativas da composición.

### B6.3. O rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.

### B6.4. O ballet romántico, xénese e desenvolvemento. Principais obras e figuras.

### B6.5. Período post-romántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.

### B6.5. A danza española; orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.

HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

### B6.7. A música na España do século XIX. A zarzuela. A música galega: principais compositores.

### B6.8. Influencia da literatura na música.

HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

## Bloque 7. Primeiras tendencias modernas

### B7.1. O Impresionismo. Características musicais e figuras representativas.

### B7.2. A segunda escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo. Composición e técnicas.

### B7.3. O Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravinski.

### B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.

### B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz.

### B7.6. Diferentes concepcións da orquestra no século XX.

HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos.

### B.7.7. Os balés rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). A danza moderna

### B7.8. Novas linguaxes no século XX: o século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc.

### B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.

### B7.10. A música en España na primeira metade do século. Falla e a xeración do 98. A Xeración da República.

### B7.11. A música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.

HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

**Bloque 8. Música e Danza na segunda mitad do Seculo XX.**

B8.1.O.Serialismo Integral.

B8.2. As vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.

B8.3. O Postserialismo.

B8.4. A música de vangarda española: a Xeración do 51. A música galega. Autores contemporáneos.

B8.5. A música e a danza popular moderna: jazz, pop, rock.

B8.6. A danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.

HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as destes períodos

B8.7. Cante e baile flamenco.

B8.8. Música e danza popular galega

B8.9. A importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cinema.

B8.10. Os novos instrumentos. As novas tecnoloxías aplicadas a música.

HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.

**Bloque 9. A música tradicional no mundo.**

B9.1.Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega.

B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións, festas.

B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións, movementos.

B9.4.Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico

HMDB.9.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.

# CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

## PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	Dado o seu carácter introdutorio, será introducido no 1º trimestre, pero demandarase ao longo de todo o curso.	Nomea, Recoñece, describe e comenta as características mais importantes das obras traballadas.	Proba obxectiva ou traballo académico. <b>(Exame teórico, 50%)</b> <b>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</b>	CCL CAA CCEC
HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	Dado o seu carácter introdutorio, será introducido no 1º trimestre, pero demandarase ao longo de todo o curso.	Utiliza o vocabulario axeitado cos termos específicos da música e da danza.	Probas obxectivas e traballos académicos. <b>(Exame teórico, 50%)</b> <b>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</b>	CCL CMCCT CAA CCEC
HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios	Comezaremos cunha introdución sobre as fontes de información, que son e como distinguilas. A partires da evolución da historia da música e da danza traballarase as distintas fontes de información ás que temos acceso na actualidade para estudar os contidos expostos.	Recoñece os distintos tipos de fontes (primarias e secundarias) e utilízaas con autonomía.	Traballos académicos realizados ao longo do curso. <b>(Traballo académico, 20%)</b> <b>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través do Aula Virtual</b>	CCL CAA CCEC
HDMB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.	Ao longo de todo o curso traballarase a evolución dos dous fenómenos artísticos, de forma que o alumnado poida situar cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.	Recoñece a temporalización dos principais períodos musicais e dancísticos.	Traballos académicos realizados ao longo do curso. Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico.	CCL CAA CCEC

<p>HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.</p>	<p>Comezaremos cunha introdución sobre o feito histórico e, posteriormente e ao longo de todo o curso, traballarase a materia de forma evolutiva e positivista as principais escolas, estilos e xéneros do seguinte xeito:  1º Trimestre  Antigüidade, Idade Media, Renacemento e Barroco. (Bloques 2-4)  2º Trimestre  Clasicismo e Romanticismo. (Bloques 5-6)  3º Trimestre  Século XX e a Música tradicional no mundo (Bloques 7-9)</p>	<p>Recoñece as principais características dos citados períodos, sendo capaz de distinguilos auditivamente e por medio de visionados.</p>	<p>Probas obxectivas e traballos académicos.</p>	
<p>HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.</p>	<p>Durante todo o curso académico partírase da propia obra artística para establecer o seu contexto histórico e social. Partírase da mesma temporalización que a sinalada no estándar HDMB1.2.2.</p>	<p>Sitúa en contexto cada unha das obras musicais ou coreográficas traballadas.</p>	<p>Traballos académicos realizados ao longo do curso.  Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico.</p>	<p>CCL  CAA  CCEC</p>
<p>HDMB1.3.1 Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.</p>	<p>Partírase sempre do propio feito artístico para, seguindo a mesma temporalización que a sinalada no estándar HDMB1.2.2, acadar unha visión global da mesma e poder desenvolver informes e traballos ao respecto.</p>	<p>Recoñece as principais características dos citados períodos, sendo capaz de distinguilos auditivamente e por medio de visionados.</p>	<p>Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico.  Probas obxectivas e traballos académicos.</p>	
<p>HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.</p>	<p>A través da audición, do visionado e da interpretación das obras, reflexionárase sobre o papel das mesmas ao longo da historia, a súa función social e a relación con outras disciplinas artísticas. Seguirase a mesma temporalización que a sinalada no estándar HDMB1.2.2.</p>	<p>Recoñece na música e na danza disciplinas artísticas que forman parte da sociedade que as crea, sen as cales non se pode comprender a evolución da sociedade nin o pensamento humano.</p>	<p>Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico.  Probas obxectivas e traballos académicos.</p>	



<p>HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.</p>	<p>A través da audición, do visionado e da interpretación das obras, reflexionárase sobre o papel da creación, xa sexa compositiva ou coreográfica, e como evolucionou ao longo da historia. Seguirase a mesma temporalización que a sinalada no estándar HDMB1.2.2.</p>	<p>Recoñece diferentes técnicas compositivas e coreográficas e é capaz de relacionalas coa evolución da música e danza como feito histórico.</p>	<p>Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico. Probas obxectivas e traballos académicos.</p>	
<p>HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.</p>	<p>A través da audición, do visionado, da interpretación das obras e da lectura de textos históricos e/ou estéticos, reflexionárase sobre o papel da intencionalidade da persoa compositora ou coreógrafa e a súa relación con outras disciplinas artísticas. Seguirase a mesma temporalización que a sinalada no estándar HDMB1.2.2.</p>	<p>Comprende a grandes rasgos a evolución da Estética e é capaz de relacionalos coa evolución da Historia da Música e da Danza.</p>	<p>Pequenas interpretacións instrumentais, vocais e dancísticas para unha maior comprensión do feito artístico. Probas obxectivas e traballos académicos.</p>	
Intentarase facer chegar aos alumnos e ás alumnas as distintas concepcións da música ao longo da historia, e como esta foi resposta ás distintas vivencias, sociedades e pensamento durante a historia da humanidade.

É interesante fomentar principalmente dúas liñas básicas:

Por un lado, a **situación sociocultural** que da lugar a cada tipo de manifestación musical, co que esta parte ten un alto **contido interdisciplinar** (historia, historia do arte, literatura, filosofía...).

Por outro, unha **educación auditiva** que permita ao alumno recoñecer e valorar as distintas estéticas da música ao longo do tempo; de todo isto dedúcese que unha ferramenta básica neste bloque será a **audición e a escoita activa** dos elementos da obra.

Isto leva implícitos dous niveis, por un lado o da comprensión profunda dos contidos teóricos, e por outro o da sensibilidade: o oído ten que ser capaz de percibir alturas, timbres, formas, dinámicas, pero tamén sensacións e sentimentos.

Estas dúas ideas están estreitamente relacionadas, pois o que se intenta conseguir é que o alumno, trala escoita atenta, poida valorar unha obra musical recoñecendo e tendo en conta os elementos estritamente musicais da mesma, e ademais considerando a realidade sociocultural desa música composta noutro tempo e lugar.

Por último, hai que ter tamén en conta que inda que a escoita será a ferramenta básica, tamén o será a **interpretación**, que fará que interioricen máis os coñecementos adquiridos.

Entre as actividades tipo que utilizaremos ao longo do curso no desenvolvemento das distintas unidades didácticas podemos sinalar, entre outras, as seguintes:

### **Audición musical**

A audición musical é unha das principais ferramentas coas que conta o profesor de música, e unha das principais vías de achegamento do alumnado á música. O reto está en evitar que a audición quede nunha actividade pasiva para dar paso ao que Copland na súa obra *¿Como escoitar a música?* (1.985) denomina **audición activa**, que permite unha maior comprensión e xa que logo, un maior goce da música por parte do oínte. Crear bos oíntes é un reto. A percepción será máis profunda na medida en que cada estudante poida incorporar experiencias significativas ao escoitado. Trátase non só de escoitar senón de escoitar algo.

Tamén se utilizará a audición comparada, procurando o maior contraste posible (defendido por pedagogos como Willems), para así facilitar aos alumnos a tarefa de identificación de estilos musicais e provocar un proceso de retroalimentación cos coñecementos xa asimilados. Este aspecto parécenos fundamental á hora de lograr unha comprensión significativa da evolución da Historia da Música. Esta actividade adquire especial relevancia neste curso.

### **Análise de partitura**

Como complemento ao análise auditivo realizaranse análises de distintas partituras, xa que nesta etapa esta práctica implica un coñecemento máis profundo dos elementos da linguaxe musical, asociándoos coas distintas etapas da Historia da Música. En principio, seguiremos o mesmo esquema que para a audición.

### **Interpretación vocal, coreográfica e/ou instrumental.**

Realizaranse interpretacións no aula de obras relacionadas con aspectos da linguaxe musical e coas diferentes etapas da Historia da Música; do mesmo xeito, proporanse interpretacións de danza histórica. Aínda que non é un apartado que se contemple nas Probas de Acceso á Universidade, parece oportuno introducir a interpretación como estratexia metodolóxica para lograr aprendizaxes

significativas nesta etapa. Conceptos como acorde, función tonal, textura monódica, polifónica ou homofónica, melodía e acompañamento, baixo continuo, ostinato, etc., compréndense moito mellor (e é probable que nunca se esquezan) logo de ensaiar e interpretado obras que os inclúan. Por outra banda, a interpretación de audicións propostas pola CIUG é unha forma de afianzar o coñecemento destas pezas, que poderán recoñecer sen problemas tras a aprendizaxe significativa que se produce por medio da interpretación.

### Comentario de texto

O texto histórico resulta unha fonte de primeira man para o coñecemento da Historia da Música e da Danza, posto que reflicte a situación dunha época ou compositor determinado. Fomentaremos con esta actividade o interese pola lectura como fonte de información, e a valoración da lingua como vehículo de transmisión da cultura.

**Uso de fontes de información**As opinións dentro do ámbito da Educación coinciden na importancia das novas tecnoloxías na escola, froito das características da sociedade na que vivimos. A materia de Música goza da vantaxe, sobre outras do currículo, de que as novas tecnoloxías estenderon a súa difusión e o seu acceso xeneralizado de forma asombrosa. Por exemplo, as páxinas web de temática musical teñen un gran peso no conxunto da rede, todos os estilos, instrumentos, formas e aspectos musicais están representados, aínda que con grandes desigualdades en calidade e importancia.

Xa que logo, para fomentar a aprendizaxe autónoma, a súa familiarización coas novas tecnoloxías e a súa capacidade de selección, os alumnos recompilarán datos a través dos medios informáticos e bibliográficos que dispoña o centro, pero será un estudo dirixido, para así asegurarnos a optimización e o éxito dos resultados.

## AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS

Se no momento das avaliación inicial atopáramos con alumnos que non lograran seguir o nivel inicial da clase. Isto quere dicir, no caso de que non foran quen de ler as notas dentro do pentagrama na clave de sol, non son capaces de seguir o pulso, ou ben non son quen de diferenciar ritmos binarios e ternarios, facilitaranse medidas de desenvolvidas polo departamento para tal fin.

Dado que a maioría das actividades que se van facer son colaborativas, incluírase a estes alumnos nos grupos, sempre tendo en conta as dificultades á hora de asignárselle un papel cunha dificultade menor (instrumentos de son indeterminado) ou similar. Iso significa que se valorará a participación e aporte do alumno en función das súas capacidades

## BIBLIOGRAFIA

ABAD CARLES, Ana: Historia del Ballet y de la Danza Moderna, Madrid, Alianza Editorial, 2005.

- ALBÁN LAXE: Calixto: *O saber do pobo: enciclopedia do traxe, danza e música tradicionais*, Vigo, Xerais, 2003.
- ALEMANY LAZARO, Maria Jose: *Historia de la danza I, Valencia*, 2009, Piles.
- ANDRÉS, Ramon: *Diccionario de instrumentos musicales. De Píndaro a J.S. Bach*, Barcelona, Bibliograf, 1995.
- ATLAS, Allan: *La música del Renacimiento*, Madrid, Ediciones Akal, 2002.
- AUSONI, Alberto: *La música*, («Los Diccionarios del Arte»), Barcelona, Mondadori - Electa, 2006.
- BARAÑANO et al.: "World Music, ¿El folklore de la globalización?", *TRANS-Revista Transcultural de Música*, 2003.
- BARIL, Jacques: *La Danza Moderna*, París, Paidós, 1977.
- BASSET, Catherine: *Músicas de Bali a Java. El orden y la fiesta. Catherine Basset*. Madrid, Akal, 1999.
- BASSO, Alberto: *Historia de la música, vol. 6. La época de Bach y Haendel*, Madrid, Turner Música, 1986.
- BATTA, Andrés: *Ópera. Compositores, obras e intérpretes*. Könnemann, 2005.
- BIANCONI, Lorenzo: *Historia de la música, vol. 5. El siglo XVII*, Madrid, Turner Música, 1986.
- BOHLMAN, Philip V.: *World Music: A very Short Introduction*, Oxford, Oxford University Press, 2002.
- BOURCIER, Paul: *Historia de la danza en Occidente*, Barcelona, Bume, 1981.
- BUKOFZER, Manfred F: *La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach*, Madrid, Alianza Editorial, 1986.
- CASARES RODICIO, Emilio (dir.): *Diccionario de la zarzuela: España e Hispanoamérica*, Madrid, Instituto Complutense de Ciencias Musicales, 2006.
- CASARES RODICIO, Emilio / FERNÁNDEZ DE LA CUESTA, Ismael / LÓPEZ CALO, José (dirs.): *Diccionario de la Música Española e hispanoamericana*. Madrid: SGAE - ICCMU. 1999-2003:
- CASINI, Claudio: *Historia de la música, vol. 9. El siglo XIX. Segunda parte*, Madrid, Turner Música, 1987.
- CAMARA DE LANDA, Enrique: *Etnomusicología*, Madrid, ICCMU, 2003.
- CATIN, Giulio: *Historia de la música, vol. 2. El Medioevo. Primera parte*, Madrid, Turner Música, 1987.
- COMOTTI, Giovanni: *Historia de la música, vol. 1. La música en la cultura griega y romana*, Madrid, Turner Música, 1986.
- COOK, Nicholas: *De Madonna al canto gregoriano: una breve introducción a la música*, Madrid, Alianza, 2001.
- COPLAND, Aaron: *Cómo escuchar la música*, Madrid-México, Fondo de Cultura Económica, 1986.
- CRUCES, Francisco y otros (ed): *Las culturas musicales: lecturas de etnomusicología*, Madrid, Trotta, 2001.
- DE CANDÉ, Roland: *Historia universal de la música, 2 vols.*, Madrid, Aguilar, 1981.
- DI BENEDETTO, Renato: *Historia de la música, vol. 8. El siglo XIX. Primera parte*, Madrid, Turner Música, 1987.
- DOWNS, Philip: *La música clásica. La era de Haydn, Mozart y Beethoven*, Madrid, Akal, 1998.
- FUBINI, Enrico: *La estética musical desde la Antigüedad hasta el siglo XX*, Madrid, Alianza, 1988.
- GALLICO, Claudio: *Historia de la música, vol. 4. La época del Humanismo y del Renacimiento*, Madrid, Turner Música, 1986.
- GODWIN, Joscelyn: *Armonías del cielo y de la tierra. La dimensión espiritual de la música desde la antigüedad hasta la vanguardia*, Barcelona, Paidós, 2000.
- GROUT, Donald J. y PALISCA, Claude V.: *Historia de la música occidental, 2 vols.*, Madrid, Alianza Editorial, 1995.
- HARNONCOURT, Nikolaus: *El diálogo musical. Reflexiones sobre Monteverdi, Bach y Mozart*, Barcelona, Paidós, 2003.
- HAUSER, Arnold: *Historia Social de la Literatura y el Arte, 2 vols.*, Madrid, Debate, 1998.
- HILL, John Walter: *La música barroca. Música en Europa occidental, 1580-1750*, Madrid, Akal, 2008.
- HOPPPIN, Richard: *La música medieval*, Madrid, Ediciones Akal, 1991.
- KÁROLYI, Ottó: *Introducción a la música*, Madrid, Alianza Editorial, 1976.
- LAGO, Pilar: *Ópera abierta: el arte de escuchar música*, Madrid, Editorial Sanz y Torres, 2004.
- LANZA, Andrea: *Historia de la música, vol. 12. El siglo XX. Tercera parte*, Madrid, Turner Música, 1986.
- LEVER, Maurice: *Isadora*, Barcelona, Circe. 1989.
- LÓPEZ DE OSABA, Pablo (ed.): *Historia de la música española, 7 vols.* Madrid, Alianza Editorial, 1983.
- MARTIN HERRERO, J. Antonio: *Manual de antropología de la música*, Salamanca, Amarú, 1997.
- MICHELIS, Ulrich: *Atlas de Música, 2 vols.* Madrid, Alianza Editorial, 1982-1992.
- MORGAN, Robert: *La música del siglo XX*, Madrid, Ediciones Akal, 1994.
- OLSEN, Miriam Roving: *Cantos y danzas del Atlas: Marruecos*. Madrid, Akal, 1999.
- PALISCA, Claude V. (ed.): *Norton Anthology of Western Music, 2 vols.*, Nueva York - Londres, W.W. Norton & Company,
- PESTELLI, Giorgio: *Historia de la música, vol. 7. La época de Mozart y Beethoven*, Madrid, Turner Música, 1986.
- PLANTINGA, León: *La música romántica*, Madrid, Ediciones Akal, 1992.
- RANDEL, Don (ed.): *Diccionario Harvard de Música*, Madrid, Alianza, 1997.
- ROSEN Charles: *El estilo clásico. Haydn, Mozart, Beethoven*, Madrid Alianza, 1986.
- ROTEN, Hervé: *Músicas litúrgicas judías: itinerarios y escalas (con CD) Itinerarios y escala*, Madrid, Akal, 2002.
- ROY, Maya: *Músicas cubanas*, Madrid, Akal, 2003
- SADIE, Stanley (ed.): *The New Sadie Stanley: Guía de la Música*. Madrid, Akal, 1994.
- SALVETTI, Guido: *Historia de la música, vol. 10. El siglo XX. Primera parte*, Madrid, Turner Música, 1986.

- SALAZAR, Adolfo: *Conceptos fundamentales en la Historia de la Música*, Madrid, Alianza, 1988.
- SHARMA, Elizabeth: *Músicas del mundo*, Madrid, Akal, 2006.
- VV.AA.: *Enciclopedia Salvat de los grandes temas de la música*, Pamplona, Salvat, 1983.
- VV.AA.: *Grove Dictionary of Music and Musicians*, 20 vols., Londres-Nueva York-Hong Kong, Macmillan Publishers, 1980.
- VV.AA.: *Os maios, concello de Santiago*. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 1984.
- VALS GORINA, Manuel: *Para entender la música*, Madrid, Alianza Editorial, 1988.
- VINAY, Gianfranco: *Historia de la música, vol. 11. El siglo XX. Segunda parte*, Madrid, Turner Música, 1986.
- WIGMAN, Mary: *El lenguaje de la danza*, Barcelona, El Aguazul, 2002.
- WILLIAMS, Patrick: *Los cingaros de Hungría y sus músicas*, Madrid, Akal, 2000.

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar, a través da audición ou do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilos, e describir os seus trazos máis característicos, establecendo a súa pertenza a un período histórico.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, xénero, estrutura formal, características estéticas e trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2. Emitir xuízos críticos e persoais sobre as obras escoitadas ou vistas mediante unha análise estética ou un comentario crítico, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

Este criterio trata de avaliar, por unha parte, a capacidade do alumnado para expresar as súas propias valoracións persoais sobre obras ou interpretacións de obras concretas baseándose nas súas características artísticas e empregando, polo tanto, os coñecementos que posúe; e, por outra, o seu dominio da terminoloxía propia da música e a danza.

3. Situar cronoloxicamente unha obra tras a súa escoita ou visión e comparar obras de características similares representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando as súas semellanzas e diferenzas.

Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar se o alumnado é capaz de recoñecer as características que lle permiten situar unha obra concreta nun período estilístico, así como se coñece e diferencia as principais características dos estilos, xéneros e escolas da historia da música e a danza.

4. Interrelacionar a historia da música e da danza, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender a complexidade do fenómeno artístico extraendo conclusións propias e reelaborando os coñecementos adquiridos na materia, así como a evolución do seu pensamento crítico no referente á súa capacidade de valoración das distintas etapas da historia da música e da función das obras no momento da súa creación.

5. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autoras e autores máis representativos da historia da música e da danza.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para analizar a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinan o posterior desenvolvemento dunha época, dun estilo ou dunha autoría determinada.

6. Realizar comentarios de textos relativos á música ou á danza.

Este criterio avalía a capacidade para captar e describir as formulacións plasmadas pola persoa autora do texto e relacionalas coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.

7. Realizar e expor un traballo sinxelo que requira a procura de información nos medios ao seu alcance sobre algún aspecto determinado e relativo á música, á danza, á literatura ou á estética da arte de calquera época, actual ou pasada.

Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de realizar e expor en termos aceptables un pequeno traballo, individual ou en equipo, no cal teña que manexar con autonomía distintas formas de información (sonoras ou escritas) e recorrer ás tecnoloxías da información e da comunicación ao seu alcance, empregando con rigor os datos obtidos.

8. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.

Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da comprensión do papel da música e da danza e o xeito en que se relaciona con outras artes para configurar xunto a elas unha obra artística total.

9. Identificar a función dos distintos axentes implicados na creación e difusión da música e da danza.

Con este criterio preténdese que non só coñezan e valoren aspectos diferentes da composición, interpretación e edición que interveñen na creación da música, senón tamén que aprecien a contribución dos medios de comunicación, así como das tecnoloxías da información e da comunicación, á creación e difusión da música.

10. Recoñecer as características máis destacadas do patrimonio musical galego, así como do resto do Estado español, e adoptar unha postura activa sobre o mesmo.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado á hora de entender e valorar o papel xogado por creadoras, creadores e intérpretes de Galicia e do resto do Estado español, así como de comprender a importancia da música e da danza patrimonial, mostrando unha postura activa cara ao seu coñecemento, protección, recompilación e transmisión

11. Entoar correctamente unha melodía, con acompañamento instrumental ou a capella, individualmente ou en grupo.

Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar a técnica vocal, para cantar afinadamente un fragmento tonal aplicando as indicacións de expresión na partitura.

12. Identificar e interpretar fragmentos musicais de distintos períodos históricos.

Con este criterio de avaliación búscase constatar a capacidade do alumnado de interpretar -vocal e instrumentalmente-, mantendo unha cohesión co período histórico determinado.

13. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio (musical e coreográfico), seleccionados entre os propostos polo alumnado.



Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumnado, a súa capacidade de memorización, o desenvolvemento da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e ante os seus compañeiros e compañeiras.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución do alumno á hora de desenvolverse nas actividades interpretativas e de creación musical. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material máis aló do traballo diario no aula, máis nesta materia na que os alumnos carecen de libro de texto.

Os exames escritos son un método máis de diagnóstico do proceso de ensino-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

**50 % da nota atribuíble aos exames que se fagan coincidindo coa avaliación.**

**20% será determinada polo traballo na aula do alumno, interpretacións, comentarios de texto de audicións e visionados coreográficos. Valorarase o grao de asimilación dos contidos, a expresión madura cunha linguaxe axeitada, a interpretación axustada conforme ao traballado no día a día, a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.**

**30 % por traballos e exercicios que se fagan na casa, presentacións que se propoñan para o aula, e demais traballos que se fagan na materia. Considerarase a tal fin, tanto os traballos de exercicios, como os proxectos baseados en lecturas, podcasts, buscas en Internet, presentacións ou creacións informáticas que sexan propostos na clase.**

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Do apartado anterior dedúcese que os procedementos para a avaliación dos alumnos serán basicamente de tres tipos. Para os cales utilizaremos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

As actividades musicais e coreográficas, comentarios de textos, audicións e visionado de coreografías que se fagan na clase, e que serán consideradas diaria e individualmente polo docente para cada estudante. Incluiríamos dentro delas as seguintes.

Lecto-escritura de fragmentos sinxelos.

Interpretación por medio dun instrumento ou da voz dunha partitura proposta.

Interpretación de coreografías históricas.

Comentarios de textos que axuden a unha mellor comprensión da evolución da historia da música e da danza.



Comentarios de audicións entre as propostas pola CIUG, seguindo as pautas establecidas pola docente para cada unha das audicións.

Comentarios de coreografías de repertorio básico.

Realización de pequenos cuestionarios, webquests e probas dos contidos desenvolto en cada bloque.

Dentro dos traballos musicais que o alumno terá que preparar ao longo do curso consideraremos dúas categorías de exercicios.

Os que serán presentados por escrito e que servirán como base para a preparación dos exames dos alumnos e complemento dos apuntes que eles mesmos collan dentro das clases, terán que ser recompilados polos alumnos, e incorporar aqueles que sexan obxecto de corrección por parte da profesora, e ser presentados no momento en que sexan solicitados como parte da actividade avaliadora.

Aqueles que sexan doutro carácter como presentacións, debates, traballos coa informática musical ou as TIC ou outras actividades de contido oral ou virtual, serán valorados de forma diaria e individual polo profesor no momento de realizar actividade.

Cada trimestre o alumnado desenvolverá un glosario de termos musicais e dancísticos coa súa correspondente definición. Este glosario estará relacionado directamente coa evolución da música e da danza ao longo da historia. Este vocabulario axudará directamente á hora de realizar comentarios de audicións, coreografías e textos.

Os exames constarán das seguintes partes:

A primeira parte, terá un contido máis teórico, daqueles elementos que se traballen na avaliación, cun tema a desenvolver e preguntas curtas.

A segunda parte, constará dun comentario de audición, tomando como punto de partida as audicións propostas pola CIUG para a materia na reválida. Servirá para comprobar a capacidade do estudante para discriminar auditivamente os elementos sonoros e situalos no contexto histórico determinado.

Indicadores de logro

Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.

Analiza correctamente, situando temporalmente e analizando os distintos parámetros da música e da danza segundo o contexto histórico.

Recoñece as características fundamentais de cada período histórico, así como os autores máis importantes.

Relaciona as distintas manifestacións artísticas, así como correntes filosóficas entre si, de forma que pode utilizalas nun comentario de texto/audición/coreografía, así como no desenvolvemento dun tema.

Comprende a evolución das distintas agrupacións musicais, principalmente da orquestra.

Analiza a evolución das texturas musicais e as recoñece auditivamente.

É capaz de definir a evolución da técnica coreográfica e establece correctamente as distintas escolas interpretativas.

Relaciona con precisión os distintos movementos musicais e coreográficos cos seus creadores máis relevantes

Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación

Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.

Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

Respéctase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.

## PLAN LECTOR

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores.

Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtítuloado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua extranxeira.

## ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR

Nas clases de música a linguaxe verbal utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como Instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre cómo interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtítuloado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua extranxeira.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento da lectura nas clases de música:

Lectura persoal de textos expositivos e realización oral ou escrita de cuestións vinculadas coa comprensión do contido dos mesmos.

Cumprimentación de fichas de audición, onde comezan por cubrir unha serie de puntos básicos (autor, marco cronolóxico, estilo musical, obra, plantilla instrumental ou vocal, etc.), a partir dos que elaborarán textos expositivos.

Lectura e comprensión de definicións de conceptos musicais.

Definición destes conceptos musicais aprendidos mediante o uso do propio vocabulario.

Lectura de textos de prensa, revistas ou información recollida en internet dos que se lles pide resumen , definir os termos musicais que o profesor lles subraia, sinalar ideas principais e secundarias, inventar un novo titular no caso dunha nova e, se cadra, a opinión propia.

Lectura de información relativa a un tema concreto coa finalidade de elaborar pequenos traballos escritos.

Lectura atenta dos enunciados das actividades propostas no aula: trala lectura en voz alta dos mesmos cada día un alumno diferente responderá oralmente ao profesor “que cómpre facer?”.

## PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Estase a promocionar unha canle de Youtube con contidos xerados no instituto (vídeos dos alumnos) ou ben ligazóns a temas de interese (vídeos de audicións)

## ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento deste plan nas clases de música:

Realización de proxectos multimedia ( nos que cómpre procesar textos, imaxes e música) sobre temas diversos incluídos nos contidos da asignatura.

Creación de pezas musicais utilizando programas de edición de partituras ou de edición de audio.

Recabar información (verbal ou musical) presente en internet necesaria para a cumprimentación de fichas, execución de actividades, etc.

Gravación das partes instrumentais ou vocais en diversas pistas utilizando micrófonos, mesa de mezclas e tarxeta de son instalada no PC do aula.

Visualización de películas, óperas, zarzuelas, musicais e documentais en DVD.

## TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para cuida-la saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puertade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

## EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

## EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dividiremos as actividades en dous grupos:

### 1) Actividades dentro do centro:

Actuación do alumnado no acto de graduación de 2º de Bacharelato

Concertos do alumnado dos diferentes grupos, coa asistencia do resto do alumnado. Poderán asistir os pais no caso de que se desenvolvan pola tarde.

Actuacións e concertos relacionados son datas significativas: Samaín, Día da paz, Entroido, Día do libro, Día das letras galegas.....

Visitas de profesionais do mundo das Artes Escénicas e da Música para charlas e obradoiros  
Representación teatral ao final de curso.

### 2) Actividades fóra do centro:

Actividades para os participantes no coro do IES: actuacións fora do centro e asistencia a talleres de formación de técnica vocal.

Ourencanto: Fin de semana en Ourense adicado a Obradoiro e concerto de canto para alumnado dos centros de toda Galicia. Probables datas: 21 ao 23 de Abril

Asistencia aos ensaios da OSG no caso de que sexan ofertados e concedidos

Asistencia a actividades musicais que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ser de gran interese para a formación musical do alumnado.

Asistencia a espectáculos teatrais en colaboración con outros departamentos: Lingua castelá, Lingua Galega, Latín, Inglés, Francés..

## AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Teranse en conta tanto as observacións descritas nas reunións de departamento correspondentes as avaliacións ordinarias, como na memoria de final de curso co fin de introducir medidas correctoras no proceso ensino – aprendizaxe.

Asimesmo, analizarase a variación de resultados na proba de de discriminación auditiva e musical realizada ao principio e final de curso.

Asdo. Beatriz Alonso Pérez-Ávila, María Antonia Montes Fernández e María Jesús Domínguez Daponte



